

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
CEIP de Laredo, Chapela, Redondela

Coordinador:
Abraham Domínguez Cuña

Autoría:
Alén Pazos, Ana María
Alonso Veiguela, José L.
Bartos Lorenzo, Susana
Diz Amil, Monserrat
Domínguez Cuña, Abraham Ignacio
Fernández López, José
Freire Chana, Tamara
Lago López, María Ángeles
Lamas Rodríguez, David
Marín Gallego, María Encarnación
Marqués Blanco, María Carmen
Orge Rodríguez, María Jesús
Portela Paredes, José Manuel
Román Miralles, Paula del Rosario
Sánchez Alonso, María Katia
Vázquez Pérez, María Ángeles
Vicente Cordo, María del Carmen
Alumnado e demais comunidade educativa do CEIP de Laredo.

Deseño da capa:
CEIP de Laredo, Chapela, Redondela

Dep. Legal: C 965-2011

VIDA E OBRA DO AUTOR



No ano 1958, en Monforte de Lemos (Lugo), nace Luis Ángel Sánchez Pereiro (Lois Pereiro). Os seus pais son Manuel Sánchez Vila e Inés Pereiro Pontón. Ten dous irmáns: o maior, Xosé Manuel, e Inés, a menor dos tres. Os seus pais eran do Incio e a vida de Lois está moi unida a este concello lugués.

En 1963 comeza os seus estudos no colexio dos Escolapios e alí continuará ata rematar o bacharelato. No ano 1974 cursa COU no Instituto de Monforte. Alí coñece a Piedad Cabo, que será a súa compañeira e amiga durante gran parte da súa vida.

Ao ano seguinte marcha para Madrid estudar Socioloxía, pero logo regresa a Monforte e pónse a traballar na cristalería do pai. En 1976 volve a Madrid con Piedad e alí matricúlase na Escola Oficial de Idiomas para aprender inglés, francés e alemán.

Estes anos son os das grandes descubertas culturais: novas lecturas, concertos, películas. Gustáballe moito o cinema e acudía á FilMOTECA Nacional para ver todos os filmes que podía.

En 1977, co seu irmán Xosé Manuel, Manuel Rivas e Antón Patiño funda a revista *Loía*, da que só saen catro números. Aquí aparecen os seus primeiros poemas.

A Lois encantáballe viaxar, sobre todo, en tren. Estaba moi vinculado ao mundo do ferrocarril dende a súa infancia en Monforte. A finais dos 70 fará longas viaxes por Europa con Piedad e con outros amigos.

No ano 1981, envelénase co aceite de colza que vendían a granel polas casas. Queda moi afectado fisicamente e retorna a Monforte. No 1982 irá vivir á Coruña, co seu irmán Xosé Manuel.

Na Coruña únese ao colectivo poético De Amor e Desamor e con el dará recitais. No ano 1984, participa nas antoloxías do colectivo, editadas por Edicións do Castro. Nesta época tamén colabora co grupo musical Radio Océano.

En 1985 aparecen poemas seus en *De amor e desamor II* (Edicións do Castro) e nas revistas *Luzes de Galiza* e *La Naval*. En 1988, o 25 de xullo a TVG emite o seu guión televisivo “Que é Galicia?”.

O seu primeiro libro individual aparece no ano 1992, *Poemas 1981/1991* (Edicións Positivas). O segundo publicarase en 1995, *Poesía última de amor e enfermidade 1992/1995*.

En 1994, cae gravemente enfermo. Ademais das consecuencias do envelenamento por colza, diagnósticaselle a sida. Morre en maio de 1996 e será soterrado en Santa Cristina do Viso, no Incio.

Obra:

Poemas 1981/1991 (Ed. Positivas, Santiago, 1992)

Poesía última de amor e enfermidade 1992/1995 (Ed. Positivas, Santiago, 1995)

Poemas para unha Loia (Ed. Espiral Maior, A Coruña, 1997)

Náufragos do paradiso (novela inacabada). Revista *Luzes de Galiza* n.º 28, 1997

Conversa ultramarina (Ed. Positivas, Santiago, 2010)

Para saber máis:

Lois Pereiro. Radiografía do abismo. A. Patiño, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2010

Lois Pereiro. Náufrago do paraíso. M. Calveiro, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2011

<http://www.prazadasletras.org/letras/autores/autor/246/lois-pereiro>

http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=LoiPerei

<http://www.realacademiagalega.org>

TÉCNICA UTILIZADA

A exposición consta de 15 paneis realizados coa técnica da colaxe, por entendermos que esta é a que máis e mellor identifica o espírito, a época e o parecer do autor e porque favorece un sentir plástico de ruptura e interpretación da súa vida e obra.

A realización dos paneis implicou un traballo de investigación na aula por parte dos/das docentes e do alumnado, manipulativo na realización dos paneis e de tratamento dixital na súa posprodución.



A poesía, o galego e a competencia dixital teñen como fío condutor a implantación de códigos QR nos carteis, que dan a posibilidade de achegar información extra multimedia coa simple utilización de terminais móbiles ou ordenadores con webcam coa simple instalación de [lectores QR](#) e conexión á rede.

Neste caso concreto, os ditos códigos están dirixidos á web http://www.xunta.es/linguagalega/lois_pereiro, na que poderedes atopar material, recursos e achegas multimedia para utilizar na aula.

O espazo ocupado por este sinal é susceptible de substitución ou solapamento para a personalización, contextualización e emprego nos centros ou lugares que así o estimen.

Así mesmo, de xeito transversal, e co fin de contribuír ao reforzamento da competencia dixital, presentaranse os mesmos paneis da exposición tratados coa técnica 3D (anaglifa) “LOIS PEREIRO 3D: Unha maneira diferente de ver o poeta”.

Os obxectivos que pretendemos son:

- Potenciar a interpretación da vida e da obra do autor e profundar nas técnicas dos anos 80.
- Favorecer o traballo sobre os paneis na aula aproveitando o seu tamaño (A3).
- Motivar o estudante na investigación acerca dos contidos e recursos existentes na rede sobre o 3D e as súas posibilidades en educación.

Máis información:

Imaxes:

<http://www.flickr.com/search?q=anaglyph>

Vídeos:

<http://www.google.es/search?hl=es&tbs=vid%3A1&q=anaglyph&btnG=Buscar&aq=f&aql=&aql=&oq=>

Programas:

<http://www.google.es/search?hl=es&q=anaglyph+programs+freeware&aq=f&aql=&aql=&oq=>

<http://www.googleartproject.com/> (Habilitar modo 3d, botón dereito “3d mode on”)


<http://stereo.jp.n.org/eng/stge/stbrhelp.html> (Google Earth 3D)

<http://www.google.com/intl/en/landing/chrome/cadie/> (Explorador 3D)

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES POR CARTEIS

CARTEL 1

1958 Nacemento



Descrición do contexto do cartel

En Monforte de Lemos, vila do sur de Lugo, nace Luis Ángel Sánchez Pereiro, máis coñecido como Lois Pereiro, o 16 de febreiro de 1958. Monforte é a capital das terras de Lemos e de toda a Ribeira Sacra.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Sitúa nun mapa de Galicia a provincia de Lugo e a vila de Monforte de Lemos.

Busca o río que pasa por Monforte e anota o seu nome.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Na cima do monte de San Vicente está O Castelo.

Busca información arredor da construción deste castelo.

Pescuda como era a vida nun castelo.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa un castelo e pon o nome de todas as súas partes. Constrúe un castelo en tres dimensións (podes empregar material de reciclaxe: caixas, cartón, papel...).

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Representa unha obra de teatro na que apareza un castelo. Podedes ver: *A noite da raíña Berenguela*, de X. A. Neira Cruz

Máis información:

http://gl.wikipedia.org/wiki/Castelos_de_Galicia

[Roteiro Google Maps Monforte de Lemos](#)

http://bvg.udc.es/busqueda_obras.jsp?opcion=todos&categoria=teatro

<http://www.xente.mundo-r.com/norberto/recursos/letrasgalegas/teatro.htm>

<http://www.youtube.com/user/videocpidosdices#g/u>

CARTEL 2

1970 Xuventude

Descrición do contexto do cartel



A vida monfortina de finais dos 50 tiña moito que ver co mundo ferroviario. O barrio da Estación de Monforte era o centro neurálxico da vila dende a súa inauguración no ano 1883.

Lois tiña unha gran fascinación polo ferrocarril e prefería viaxar en tren antes ca noutro medio de transporte. De feito, as vías son un dos grandes símbolos da súa vida e da súa obra.

Por Monforte tamén entraron o anarquismo e o sindicalismo, da man dos traballadores ferroviarios.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Investiga a época que lle tocou vivir a Lois de mozo para chegar a comprendelo un pouco mellor: as tendencias e os feitos.

A súa vida de estudante nos Escolapios de Monforte, os cinemas Capitol e Lemos e o rock.

O que significou Monforte para el dito por el mesmo: “Monforte queizá é un lugar estraño dentro de Galicia, polo asunto ferroviario non sei, por ser un tanto fronteirizo, ten algo de especial, eu sempre vin iso e sempre o quixen reflexar, ese orgullo por ser de Monforte” .

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre o nó ferroviario de Monforte.

Busca información sobre o anarquismo e sobre outros movementos políticos dos anos 70.

Indaga sobre a industria de curtidos e calzado existente en Monforte.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa unha estación ferroviaria, coas vías, rotondas, talleres, almacéns etc.

Debuxa nun mapa de Galicia a rede ferroviaria galega actual.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción dunha viaxe en tren.

Pregúntalles aos teus pais se viaxaron en tren e contade logo na aula as súas impresións.

Máis información:


<http://vieiros.com/buscador/?simple=1&buscar=sindicalismo>

<http://www.ffe.es/caminosdehierro/>

<http://loispereiro.blogaliza.org>

CARTEL 3

1975 Estudante en Madrid



Descrición do contexto do cartel

Aos 17 anos, Lois vai a Madrid, onde cursa estudos de Políticas e de Socioloxía, que abandonou polos idiomas e a informática. Na Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Madrid, aprende inglés, francés e alemán. Co tempo traballará de tradutor e elaborando textos para dobraxes.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Descubre quen son estes persoeiros e a súa influencia na cultura galega:

Antón Patiño

Menchu Lamas

Manuel Rivas

Xosé Manuel Pereiro

Fermín Bouza

Vicente Araguas

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Pescuda que é a EOI e valora a importancia dos acrónimos na nosa lingua.

Reflexiona como sería a súa vida de estudante con dezasete anos nunha gran cidade.

Por que é necesario aprender idiomas? Analiza a riqueza das linguas na nosa sociedade (castelán, galego, inglés, francés...); onde se falan, en que contextos, os seus ámbitos de influencia etc. e valora a importancia de coñecelas e de usalas.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Traballade conceptos como o amor, a morte, a vida, a beleza..., create un poema e traducídeo a varios idiomas.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Procura información sobre os conceptos máis importantes do xénero poesía (ritmo, estrofas, versos...) e fai un mural cunha pequena escolma de poemas escritos en diferentes linguas (inglés, francés, alemán, galego, italiano).

Máis información:

<http://www.unesco.org/es/languages-and-multilingualism/>

<http://www.realacademiagalega.org/GoToMainPage.do>

CARTEL 4

1978 Revista *Loia*



Descrición do contexto do cartel

O cartel recorda a revista *Loia*, que fundou Lois Pereiro con Antón Patiño, Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro en Madrid. Sacaron catro números entre 1975 e 1978.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Busca información sobre a revista *Loia* (números editados, achegas de Lois, o proceso de edición, estilo etc.).

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Investiga os acontecementos políticos ocorridos naquela época en España.

Procura información e sintetiza os acontecementos socioculturais do Madrid do momento.

Indaga acerca da composición do Consello Editorial dunha revista e das funcións dos membros que o integran.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Crea un poema ao estilo de *Loía*. Recorda que apostaban por un aspecto gráfico innovador.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Busca os temas que cres ti que lles resultarían máis interesantes aos colaboradores da revista *Loía* e logo poñédeos en común. Podedes facer tamén un debate.

Dramatiza unha xuntanza de traballo dos integrantes da revista (Lois Pereiro, Manuel Rivas, Antón Patiño e Xosé Manuel Piñeiro).

Máis información:

<http://loispereiro.blogaliza.org/category/obras/revista-loia/>

CARTEL 5

1981 A colza



Descrición do contexto do cartel

Trátase dunha colaxe abstracta sobre a enfermidade que desatou o consumo de aceite de colza adulterado. O centro do panel ocúpao unha botella de cor amarela cunha caveira no medio, que dá a entender que o seu contido foi moi prexudicial para a saúde. A espiral, en contraposición coa liña recta, simboliza un camiño con voltas e viravoltas que representa a ineptitude e a cobiza do home. Parte da botella é de cor vermella e vaise escurecendo para ir reflectindo a doenza, ata chegar ao negro que simboliza a morte.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

No ano 1981 volve á cidade da Coruña. Xa está enfermo, pero continúa escribindo. Investiga as razóns que puideron levalo a ser escritor e que influencias dos anos oitenta se ven reflectidas na súa obra.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Busca información sobre a enfermidade da colza nos 80: comproba por que foi nocivo o aceite de colza en España e non noutros países, onde foi e aínda é utilizado ese tipo de aceite na cociña tradicional etc.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Representa pasaxes da vida de Pereiro e plásmas a través dun debuxo ou dunha colaxe. Escolle, por exemplo, o principio dos anos oitenta e lembra os seguintes feitos: Lois regresa á Coruña, estuda informática, fai unha longa viaxe *interrail* con Piedad por Europa.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Facede un debate sobre se o fin xustifica os medios en relación coa distribución e coa venda de aceite de colza, a sabendas de que non era apto para o consumo humano. Valorade a importancia ou non da intervención do factor humano.

Máis información:

<http://www.xornal.com/artigo/2009/05/23/suplementos/contexto/veleno-veu-coa-bombona-do-butano/2009052318043351027.html>



CARTEL 6

1982 Grupo Radio Océano

Descrición do contexto do cartel

Lois Pereiro colabora co grupo Radio Océano. El é o autor de “Narcisismo”.

Radio Océano foi un grupo de pop-rock galego con influencias punk que se creou na Coruña no ano 1981. Foron moi activos na escena do rock galego da época.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Investiga que vincula a Lois Pereiro co grupo Radio Océano (o irmán, Xosé Manuel Pereiro, é o líder e cantante).

Busca na discografía de Radio Océano a canción “Narcisismo”. Repara na súa letra. De que fala?, que sensación nos produce?, parécese a outros poemas de Lois Pereiro?

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
e coa unlla do meu dedo máis firme
abro un sulco vermello en media lúa
na vea que me acolle tan azul.
Narcisismo, narcisismo...

Indaga se escribiu máis letras para cancións.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

O grupo Radio Océano sempre tivo os mesmos compoñentes. Investiga cantas formacións houbo, cantos discos sacaron, como se chamaban os seus músicos e con que alcumes eran coñecidos.

Traballamos os alcumes. Sabes que a Lois os seus lle chamaban cariñosamente Loisón? E que case todos os seus amigos de Ourense tiñan alcume: O Guecho pequeno, O Chapas, O Cas, A China. Fíxate e mira se coñeces persoas ás que lles puxesen sobrenomes. Apúntaos.

Investiga como era a música daqueles anos: o punk, a “movida”, a estética, os ritmos.

Ademais de Radio Océano, que outros grupos galegos emerxían por aquel entón no panorama musical? Siniestro Total, Yellow Pixoliñas, Herdeiros da Crus, Os Diplomáticos de Monte-Alto, Os Resentidos...

Descubre que problemáticas sociais tiveron eco nas letras de Radio Océano (as drogas, a marxinalidade, o paro, a reconversión naval de Astano...).

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Identifica os instrumentos musicais de Radio Océano: baixo, guitarra eléctrica, teclados, batería.

Reprodúceos con cartón, cartolina e pintura, para unha posterior posta en escena e “interpretación” da canción en *play-back*.

Coa canción “Narcisismo” soando de fondo, reproduce con pintura, debuxos, manchas ou trazos, as sensacións que provoca nos oíntes. Facede despois unha exposición dos “cadros”.

Inventa pequenos obstinatos rítmicos para acompañar con instrumentos de percusión de altura indeterminada e percusión corporal a canción “Narcisismo” ou calquera outra do grupo Radio Océano.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Estudade formalmente a canción “Narcisismo”: ritmo, melodía, fraseo, forma ababab, identificación dos instrumentos musicais etc. e elaborade musicogramas nos que queden recollidos estes datos.

Seleccionade poemas de Lois Pereiro para “rapealos”; inventarlles un ritmo, acompañamentos con PAI e percusión corporal. Intentade compoñer unha melodía sinxela con frautas e instrumentos de placas. Mirade como se pode escribir todo isto con notación musical convencional e non convencional.

Preparade un concerto dedicado a Lois Pereiro, con poemas do autor musicados polos alumnos. Inventade e representade coreografías coa estética punk da época.


Máis información:

http://www.youtube.com/results?search_query=radio+oc%C3%A9ano&aq=f

<http://www.youtube.com/watch?v=0FnfIOffusM>

CARTEL 7

1983 Amor en Berlín



Descrición do contexto do cartel

Viaxeiro incansable, case sempre en tren, visita Alemaña en varias ocasións. Vive en Berlín coa súa parella, Piedad Cabo. Alí ten un grupo de amigos poetas. O alemán é un idioma que coñece ben e no que se manexa, tamén coñece a literatura alemá.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Investiga e contesta:

- A que foi Lois Pereiro a Berlín?
- En que traballaba alí?
- Con que poetas e artistas se relacionou nesta cidade?
- Utilizou o alemán nos seus poemas?
- De que maneira influíu o ambiente cultural alemán nos poemas de Lois Pereiro?

Sabendo que Lois Pereiro prefería o tren para desprazarse, deseña a ruta e calcula o tempo que investiría no traxecto A Coruña-Berlín.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Sitúa Berlín nun mapa de Europa e fala sobre a cidade, cando aínda estaba dividida polo Muro de Berlín.

Investiga ao redor do Muro de Berlín; quen o construíu?, cando?, para que?, cando desapareceu?

No panel, identifica que é o que se ve pola fiestra da casa de Lois Pereiro.

A Porta de Brandeburgo e o Muro son as iconas de Berlín, que edificios ou monumentos se poden considerar iconas doutras cidades europeas? Busca imaxes deses monumentos, ponlles o nome e sitúaos nun mapa de Europa (ex.: Big Ben, Torre Eiffel, Coliseo, Partenón...).

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Os graffitis do Muro de Berlín: que son?, quen os debuxou ou escribiu?, que mensaxes transmitían?, son arte ou falcatruada?

Nun folio, fai un debuxo de Lois Pereiro en Berlín. Posteriormente xuntade todos estes debuxos sobre un papel continuo a modo de ladrillos e confeccionade un particular Muro de Berlín.

Como cres que era a casa de Lois Pereiro en Berlín? Sobre un plano interior dunha casa a escala, coloca mobles e obxectos recortados de revistas ou xornais. Identifica as estancias representadas no plano.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Busca poemas de Lois Pereiro que inclúan palabras e expresións en alemán. Buscade no dicionario o seu significado. Recitádeos.

Escribe dúas pequenas historias nas que imaxinedes como sería un día na vida de Lois Pereiro en Berlín, partindo destas dúas circunstancias:

- A vida en Berlín coñecendo o idioma.
- A vida en Berlín sen coñecer o idioma.

Intenta dramatizar as dúas situacións.

Máis información:

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Berl%C3%ADn>

http://www.youtube.com/watch?v=ozB3J1_W-gk

<http://www.youtube.com/watch?v=OjAcjaZUe3E&feature=related>

http://www.youtube.com/watch?v=lkTMMJZI65M&feature=player_embedded

<http://www.businesslocationcenter.de/dispatcher/getserver.jsp>

CARTEL 8

1984 Recitais de amor e desamor



Descrición do contexto do cartel

No ano 1984 dez poetas fundan na Coruña o grupo De Amor e Desamor. Un deles é Lois Pereiro. Os poemas deste grupo publicáronse nas antoloxías colectivas *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985).

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Ao longo de tres anos os poetas que formaban parte do grupo De Amor e Desamor dinamizaron a vida cultural coruñesa coa organización de recitais en diferentes locais.

Organizade un recital de poesías de amor co alumnado dos diferentes ciclos e dedicade un día a dalas a coñecer polas diferentes aulas.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Investigade sobre a Torre de Hércules centrándoos nos seguintes aspectos:

Datos xeográficos:

- Situación.
- Altura, materiais utilizados para a súa construción.

Historia:

- Ano de construción e responsables.
- Lendas sobre a torre: “A lenda do xigante Xerión”.
- Crea unha lenda nova na que a Torre de Hércules sexa a protagonista.

Buscade información sobre o colectivo de poetas De Amor e Desamor:

- Que poetas o forman?

- Que actividades levaron a cabo?
- Anécdotas deses recitais.
- Que é unha antoloxía?
- *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985) publicounas Edicións do Castro. Busca datos sobre esta editorial.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Elabora uns carteis para o día do recital poético.

Constrúe e decora unha “caixa de bicos” ou unha “caixa de amor”, nunha caixa de zapatos ou noutra calquera meteremos os nosos poemas creados a partir dunha consigna:

Vou construír unha caixa de bicos...
 unha caixa pequena na que caiban
 moitos... moitos bicos...
 bicos de distintas cores,
 afroitados, coquetos, azuis,
 azucrados...

Representa plasticamente e con distintas técnicas un dos poemas de Lois, coa intención de expresar o que imaxinas que sente o lector ante a súa lectura.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Analiza un poema:

- Cantas estrofas ten.
- De que trata o poema (atopa o fío que tece os seus versos).
- Busca as palabras clave.

Hai autores como Manuel Rivas que ven a Lois Pereiro próximo á Rosalía máis íntima, sobre todo a algúns poemas de *Follas Novas*. Compara os seguintes poemas de Lois Pereiro e de Rosalía e busca parecidos e diferenzas.

NEGRA SOMBRA
Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ao pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofo.
Cando maxino que és ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.
Si cantan, és ti que cantas;
si choran, és ti que choras,
i és o marmurio do río
i és a noite i és a aurora.
En todo estás e ti és todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras
(Castrelos, Vigo, 1971, 2.ª Ed.)

THE STUFF THE DREAMS ARE MADE OF
LOIS PEREIRO
Por ti sobrevivir coa forza necesaria
Para erixirme en sombra do que fun
Sen ti ser eu de novo
Orfo doutro destino
Resignado a ser eco da túa ausencia
Vida e morte en desfile intermitente
Humildemente ser nada por ti
Unha figura fuxidía na sombra
Da mesma materia que os nosos sonhos
Co espírito intoxicado de nostalxia.

Máis información:

<http://www.realacademiagalega.org>



CARTEL 9

1986 *La Naval*. Revista alternativa

Descrición do contexto do cartel

No cartel interpretamos a publicación alternativa *La Naval* (1986-1987). Lois Pereiro foi membro do seu Consello de Redacción e colaborou xa dende o seu primeiro número (marzo, 1985), no que escribiu “O frío edificado”, dedicado ao Polígono de Elviña.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Investiga en que medida colaborou Lois Pereiro coa revista *La Naval* (como activista, animador cultural...).

Busca información sobre outras revistas e medios nos que fose colaborador.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Sitúa nun mapa de Galicia os nosos principais estaleiros.

Busca en internet que é reconversión naval e por que se orixina.

Programade a saída a un estaleiro.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Fabrica un dique con pinzas da roupa.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Narración: conta como é un día dun traballador nun estaleiro galego.

Entrevista a un traballador do estaleiro (o seu horario, traballo que leva a cabo, os riscos etc).

Máis información:

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Estaleiro>



CARTEL 10

1988 Que é Galicia?

Descrición do contexto do cartel

No panel reflíctese o sentir de Lois Pereiro sobre Galicia en palabras. O autor percorre o abecedario, nun texto no que nos deixa ver a súa persoa e a súa identidade.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Despois de revisar o texto do panel, intenta ver que conceptos están presentes na Galicia de Lois Pereiro.

Explica a que se refire cando asocia Galicia ao *horror vacui*.

Lois tamén define Galicia como “o son da soidade e o silencio”. Indica que quere resaltar con estes dous conceptos.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Descubre que é un caligrama e que vangardas artísticas (ismos) o utilizaron.

Busca un par de sucesos de interese xeral no eido internacional ou nacional que aconteceron no ano 1988.

Co motivo de profundar no sentimento sobre Galicia, que o alumnado describa con palabras a súa Galicia do A ao Z.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Crea un mural-caligrama a partir das palabras que o texto contén.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Poñede en común todo aquilo que se escoitou na clase acerca do sentir sobre Galicia e utilizade diferentes símiles e metáforas.

Máis información:

<http://es.wikipedia.org/wiki/Caligrama>

<http://es.wikipedia.org/wiki/1988>

http://www.google.es/images?q=caligramas&oe=utf-8&client=firefox-a&rlz=1R1GGLL_es_____ES370&um=1&ie=UTF-8&source=og&sa=N&hl=es&tab=wi&biw=1262&bih=488

<http://www.elwebmaster.com/articulos/pinacogramas-caligramas-y-ascii-dibujando-con-palabras>

CARTEL 11

1989 Recoñecemento xermánico



Descrición do contexto do cartel

Lois Pereiro era un gran lector e un apaixonado do cinema e da música. Na súa obra obsérvanse moitas influencias da cultura xermánica.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Investiga o porqué do interese de Lois Pereiro sobre Alemaña e Berlín.

Que quererá destacar cando escribe: “Moitas culturas se cruzan no meu espírito e no meu corazón non hai fronteiras” (*Modesta propoición...*).

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Busca información en medios gráficos e dixitais sobre a caída do Muro de Berlín.

Indaga acerca da natureza dos pictogramas e en que contexto se empregan.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Recorta os pictogramas do panel e ordénaos nunha secuencia narrativa.

Quita varios pictogramas da frase. O alumno debe colocalos axeitadamente.

Crea unha narración con pictogramas.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Organiza un faladoiro con preguntas e respostas que teñan as viaxes a Alemaña como centro. Nos anos 1983, 1987 e 1991 visita varias cidades deste país. Sabendo que a Lois lle gustaba pasear e coñecer a fondo aqueles sitios que visitaba, en que repararía en cada unha delas?

Recorta os pictogramas e ordénaos de novo.

Máis información:

<http://www.catedu.es/arasaac/>


<http://www.aumentativa.net/>

<http://ediga.net/>

<http://www.tadega.net/Fotos/>

CARTEL 12

1992 O sufrimento



Descrición do contexto do cartel

Lois Pereiro foi vítima dunha intoxicación con aceite de colza envelenado. Máis tarde, enfermará de sida.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Un dos libros que Lois escribiu leva no título a palabra “enfermidade”. Busca información sobre:

- O título completo.
- O ano de publicación.
- A data en que escribiu os poemas que o compoñen.
- En que circunstancias da súa vida.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

SIDA é un acrónimo. Que palabras o forman?

Investiga en que data apareceron os primeiros casos de sida.

Pescuda cal é o Día Mundial da Loita contra a Sida. Que se quere recordar con el?

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

A loita contra a enfermidade da sida simbolízase cun lazo.

Busca a súa cor, debúxao e investiga despois o porqué da escolla desta tonalidade.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Realiza un mural cun planisferio mudo e colorea os países máis afectados pola sida a día de hoxe.

Máis información:

<http://www.vieiros.com/buscador/?simple=1&buscar=sida>

<http://www.fao.org/FOCUS/S/aids/aids1-s.htm>

CARTEL 13

1995 *Conversa ultramarina*



Descrición do contexto do cartel

Piedad Cabo marcha aos Estados Unidos. Lois envíalle cartas durante tres meses do ano 1995. Despois da súa morte, estas cartas pasarán a formar parte do libro *Conversa ultramarina*.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

O conxunto destas cartas foi interpretado como unha especie de diario.

Que lle iría relatando Lois nelas?

Que é unha obra inédita?

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Busca as diferenzas entre un diario e unha carta:

- Que é un diario?
- Características dun diario.
- Como se escribe unha carta?
- Partes dunha carta.
- Como se escribe un sobre dunha carta?
- Escríbelle unha carta a alguén que queiras.

– Pescuda o camiño que segue unha carta dende que a botamos na caixa do correo ata que chega ao seu destinatario.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Decora un caderno para facer o teu propio diario. Anota nel experiencias que viviches na escola, na casa ou cos amigos.

Fabrica un sobre e papel de carta personalizados.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Escrebe unha páxina no teu diario e compártea cos compañeiros e compañeiras.

Escribídelles unha carta de aula (colectiva) aos alumnos e alumnas doutra clase do centro e a outra clase doutro colexio.

Máis información:

<http://es.wikipedia.org/wiki/Carta>

<http://libartlen.blogspot.com/2010/08/pauta-escritura-de-diario-personal.html>



CARTEL 14

1996 Morte

Descrición do contexto do cartel

Morre na Coruña cando só tiña 38 anos. O mesmo día do seu enterro coñécese a sentenza do xuízo polo envelenamento do aceite de colza desnaturalizado.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Lois está enterrado en Santa Cristina do Viso no Incio (Lugo). Descubride que poema escolleu como epitafio. Procurade información sobre el (cando foi escrito, de que poemario forma parte...)

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

O día do seu enterramento: 24 de maio de 1996.

Busca nos xornais información sobre o enterro do poeta (a cerimonia, os amigos que estaban alí, as palabras do crego etc.)

A xustiza falou. Este día coñécese a sentenza do xuízo polo envelenamento do aceite de colza desnaturalizado. Busca nos xornais do 24 de maio e días posteriores como se deu a noticia e que repercusión tivo.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Elabora unha liña do tempo (coas ferramentas que se indican abaixo) coas datas máis significativas da vida de Lois Pereiro segundo esta exposición:

1958- Nacemento

1975- Marcha a Madrid estudar

1981- Ano do envelenamento con aceite de colza adulterado

1982- Letrista punk para Radio Océano

1983- Viaxa a Berlín

1992- Publícase *Poemas 1981-1991*

1995- Publícase *Poesía última de amor e enfermidade*

1996- Pasamento

1996- Publicación póstuma de *Poemas para unha Loia*

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

A partir da liña do tempo, realiza unha exposición oral na que se relaten os datos máis importantes da vida de Lois Pereiro.

Máis información:

<http://vimeo.com/17563320> (Vídeo sobre “MundoLois”)

<http://www.turismocoruna.com/web/>

<http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/index.php?cod=96185>

<http://www.youtube.com/watch?v=6ObjOUnyaIY> (Documental Lois Vive)

<http://mundolois.gl/>

<http://www.timetoast.com/>(Xerador de liñas de tempo)

<http://www.dipity.com/>(Xerador de liñas de tempo)

CARTEL 15

Mosaico de poesía



Descrición do contexto do cartel

O cartel reflicte as palabras máis recorrentes da súa poesía publicada.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Lois Pereiro

Partindo da nube de palabras sobre a poesía de Lois Pereiro, describe e xustifica cales son as máis e as menos destacadas.

Sintetiza, despois de ver e de traballar coas propostas que se deron para os carteis, nunha soa palabra a achega cultural e a vida de Lois Pereiro.

Crea un poema libre sobre a figura de Lois que sintetice o sentir da exposición.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do propio contexto

Fai unha síntese sobre a poesía e a década dos 80 en Galicia.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Crea a túa propia nube de palabras sobre a exposición.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Grava unha audioguía persoal ou colectiva (de aula) sobre a interpretación dos paneis expostos.

Expón na aula un resumo sobre o traballado ao longo de toda a exposición.

Máis información:

<http://www.wordle.net/>

<http://www.podcast-es.org/index.php/ComoHacerPodcast>

<http://www.educacontic.es/blog/audacity-creacion-y-edicion-de-audio-podcast-al-alcance-de-todos>

2011

LOTIS I DE REI I RO



XUNTA
DE GALICIA